

Os datos que se manexan nos últimos tempos son bastante contraditorios. Mientras que os medios de comunicación nos alertan de casos de extremada violencia, a maior parte dos expertos aseguran que estamos ante feitos puntuais que non convén sobredimensionar, porque distorsionan a realidade e crean alarma social. Hoxe sentan arredor dunha mesa para falar do tema, un especialista, o director dun centro educativo, unha nai e unha alumna.

O acoso escolar a análise

Gena Borrajo
Directora de Eduga

Fernando Bellas
Fotografía

Para coñecer as súas opinións formulámosselle as seguintes preguntas:

Palabras clave

Acoso escolar, violencia, diferencia de poder, conflito, mediación.

Cal é a situación real?

Que circunstancias ou factores favorecen a existencia do problema?

Que accións estiman como más efectivas para mellorar a situación?

Como ven o futuro da convivencia nos centros?

Estas son as súas opinións sobre a situación real do acoso escolar

O director
Hoxe fálase máis do tema que antes, pero non creo que iso signifique que haxa máis violencia. Teño moi presente a miña experiencia de infancia como alumno nun contorno rural, entre os anos 1976 e 1988. Daquela había casos de acoso de magnitudes maiores que agora. Penso que hai que valorar a situación tendo en conta as novas circunstancias. Arestora existe unha maior sensibilidade cara a

**Manuel Armas Castro**

Especialista en Trastornos de Conduta do Equipo de Orientación Específico da Coruña.

**Luís Fernández López**

Director do IES Carlos Casares de Viana do Bolo de Ourense.

**Olga Patiño Doval**

Ex-presidenta de CONFAPA de Galicia e nai de familia.

**Marina Reijs Vázquez**

Alumna de terceiro de ESO do IES Otero Pedrayo da Coruña.

este problema e os casos non se pasan por alto. Tamén os centros xuntan maior poboación infantil, o que dificulta considerablemente un coñecemento acertado da situación, a adopción de medidas preventivas e a utilización de estratexias para resolver os problemas. Tamén hai que considerar que unha maior diversidade cultural fai que emerxan novos conflitos.

O especialista

É certo que, en moitos casos, as cifras que se barallan están moi arredadas da situación real. Isto débese a que dentro do saco do acoso entran problemas de

conducta que non teñen que ver co tema do que falamos. En realidade, no conxunto de demandas que recibo, só un cinco por cento responden a este tipo de violencia e, delas, unha cantidade importante refírese a conflitos doutra natureza. Por este motivo considero que é importante definir o concepto. O acoso escolar é unha forma de violencia, verbal e/ou psicolóxica, mantida durante moito tempo, exercida por unha persoa ou un grupo, contra outra persoa que non é quen de se defender. A dita agresión prodúcese diante de alumnos e alumnas, que permanecen pasivos ante a intimidación. Como vemos, a principal

característica é a diferenza de poder, a relación desigual. Estou de acordo co que apunta Luís de que iso sempre existiu, pero que hoxe en día hai unha maior sensibilidade dos pais e da sociedade, en xeral. Tamén é verdade que estas novas atopan un maior eco nos medios de comunicación e daquela parece que existe máis violencia da que, en realidade, hai.

A alumna

No meu instituto non se dan problemas graves, pero é verdade que hai nenos aos que non lles gusta algún compaño por ser doutra raza, ou simplemente porque é

diferente. Case sempre os que se portan mal cos compañeiros son os que sacan malas notas.

Luis pregúntalle a Marina se non cre que os que rexeitan ou acosan os compañeiros se derrubarían se fosen eles as vítimas; ao que ela lle responde que "con eles non se atreven" [unha proba da diferenza de poder á que aludía Manuel Armas]. Este, pola súa banda, pregúntalle se os problemas dos que fala se dan más en nenos que en nenas, ao que contesta que "tamén hai nenas que o pasan mal, porque as critican".

A nai

Tampouco deberíamos obviar o acoso periférico no que interveñen mozos que non pertencen ao centro e que, polo tanto, escapan completamente ao non poder empregar ningún tipo de mecanismo nin acción para establecer pautas de reeducación. Entendo que a diversidade achega maior colorido aos grupos humanos, pero iso leva consigo maiores dificultades para a convivencia.

O director

De calquera maneira o mellor lugar para que afloren os conflictos é a escola, porque é onde dispoñemos de medios para tratarlos e convertelos en recurso educativo.

O especialista

Ao fin e ao cabo, unha vez detectado o problema, o que debe preocuparnos é a atención especial que deben recibir acosados e acosadores. A agresión pode levar consigo tres feitos dramáticos: que o agresor dane fisicamente a vítima; que esta, levada pola sede de vinganza ataque o amedrentador; ou que a vítima se sinta tan soa, humillada e fundida

psicoloxicamente, que acabe desexando desaparecer. Por iso cómpre rachar a lei do silencio e dicirles aos adultos, aos profesores e á familia, o que está a pasar. Así poderán tomar medidas para atallar esta violencia e solicitar a axuda dun profesional especializado se é necesario.

Sobre as circunstancias actuais que favorecen os conflitos

O director

Hoxe non existen os sistemas de represión doutras épocas, nas que o control sobre os alumnos evitaba que emerxesen estes problemas na clase, aínda que existisen fóra.

O especialista

Nos momentos de crise os ollos tórnanse cara á escola, como se nela estivese a solución a todos os problemas. Os medios de comunicación xeren un exceso de información sobre actos violentos e a escola sitúase no centro de todas as críticas e culpas. Non obstante, resulta paradoxal pretender que sexa a escola a que resolva este problema, cando os países más desenvolvidos compiten a canonazos e os políticos se amosan incapaces de recoñecer os seus errores e protagonizan enfrentamentos nos que teñen cabida os insultos. Esta é a realidade na que medran os nosos alumnos e alumnas, e unha das razóns polas que lles resulta tan difícil aprender a respectar un mínimo de normas, a desenvolver un sentimento de empatía e a adquirir estratexias para resolver os problemas cotiáns. A isto hai que engadir

certos modelos familiares, como o autoritarismo excesivo, que fomenta condutas violentas nos rapaces; ou a sobreprotección, que afecta ao desenvolvemento da autonomía e a autoestima. Neste panorama tentamos educar nunha cultura de paz. E a cousa, aínda se enreda máis cando nos centros non existe unidade de criterios entre o profesorado para facerlle frente ao problema.

A alumna

Cando hai un conflito na clase o único que fan a maior parte dos profesores é aplicar unha sanción. En moitos casos ata dá a impresión de que buscan que os que provocaron o conflito queden mal diante dos compañeiros. Ben, iso sen mencionar os profesores que insultan os alumnos, que, aínda que a min nunca me pasou, tamén os hai. Eu creo que así non se resolven os problemas. As normas aplícanseños arreos a alumnos, mentres que os profesores as saltan con bastante frecuencia. Por exemplo, chegar tarde á clase é motivo suficiente para non deixarnos entrar, pero, cando o que chega tarde é o profesor comeza a dar clase sen se disculpar.

O especialista

Si, esta é unha clara mostra da diferenza de poder que existe nos centros educativos. Cando falamos de acoso escolar sempre pensamos nos problemas entre iguais, pero habería que preguntar se o profesor insulta os alumnos, se os molesta e se contribúe a crear un ambiente violento na clase. A realidade deixa ver que hai profesores que atacan a alumnos, e alumnos que atacan a profesores. Inclusive hai prácticas educativas, coma os modelos



transmísivos, que fomentan a competitividade e inducen á violencia. De feito, un dos recursos que mellor funciona para combater o acoso escolar é o traballo cooperativo.

A nai

Eu creo que os educadores o temos moi difícil nestes tempos. Son moitos os contravalores que circulan na sociedade e atopan nos nenos e mozos un campo propicio para se instalar. De maneira que nadamos contra corrente. Aos propios adultos resultanos moi difícil adaptarnos neste mundo tecnolóxico polo que se moven cantidades inxentes de informacíons que é necesario seleccionar e xestionar. Que non ocorrerá, logo, no caso dos nenos e mozos que aínda están construíndo a súa vida.

nais e pais e impulsar a colaboración familia-escola. Está demostrado que cando escola e familia se implican en proxectos compartidos diminúen considerablemente as posibilidades de que se produzcan episodios non desexados. Tamén penso que cumpriría cambiar as metodoloxías, sobre todo, no ensino secundario; ensinar os alumnos a resolver os conflitos e, por suposto, mellorar os recursos nos centros e fortalecer a intervención dos servizos sociais.

A nai

Eu tamén creo que hai que reforzar as relacións familia escola. A participación dos pais e das nais na educación dos fillos é a maior das garantías para conseguir que os problemas desaparezan, ou polo menos que se mitiguen. Por desgraza, a tónica xeral por parte dos centros é de afastamento.

O director

Non estou totalmente de acordo con iso. É verdade que a colaboración da familia na vida do centro é fundamental. De feito, no noso instituto a presidenta da

Asociación de Nais e Pais traballa no meu despacho e participa en reunións do equipo directivo. Pero non é menos certo que esta disposición de portas abertas, non sempre atopa resposta nas familias. De feito, no noso centro hai pais e nais que non participan. Con todo, non quero dicir que debamos "tirar a toalla". Moi pola contra, penso que vale a pena seguir traballando na procura dunha estreita colaboración.


A nai

Coido que as dificultades sinaladas se deben, en parte, a que, normalmente, familia e escola mantemos un diálogo viciado. Digamos que falamos moito e escuchamos moi pouco, polo que, ás veces, non conseguimos entendernos e ata acabamos rifando. Con frecuencia as familias recibimos información totalmente irrelevante. Talvez, tampouco os pais e as nais lle acheguemos ao profesorado o que realmente agarda. En calquera caso, o que habería que facer é deixar claras as expectativas e situarnos na liña dun traballo colaborativo, que debe comezar na educación infantil e estenderse a toda a escolaridade.

Sobre as accións necesarias para mellorar a situación

O director

Habería que fortalecer as asociacións de



O especialista

Hai outro elemento clave que deberíamos considerar. Estoume a referir á formación do profesorado. A maior parte dos docentes non saben que facer ante un conflito e limitánselle a cubrir un parte, enviar o alumno á dirección, ou expulsalo. En moitos casos con isto o único que se consegue é agrandar o problema. Ás veces un pequeno insulto dramatízase en exceso e provoca unha expulsión durante varios días, cando a palabra groseira é de uso ordinario no medio familiar do alumno que cometeu a falta. Por iso creo que hai que revolucionar a formación do profesorado, xa no período inicial, e incorporar no seu currículo temas, como a resolución de conflitos, a mediación, etc.

O director

Si, estou de acordo. Hoxe ante os conflitos o que se adoita facer é falar coa familia. Habitualmente o que espera a nai é que actuemos de forma permisiva, mentres que o pai considera máis efectivos os métodos agresivos. E, claro, sabemos que nin unha fórmula nin a

outra nos serven, se o que queremos é educar.

A alumna

Eu pertengo a un grupo de mediación. Levo xa dous anos preparándome como mediadora e aínda me falta un ano máis para estar en condicións de actuar ante un conflito real. Tamén aprendín que non todos os conflitos se poden resolver coa mediación.

O especialista

O primeiro que debe facer o profesorado é adaptar o currículo ás necesidades do alumnado e do grupo. Se facemos propostas útiles, se rodeamos os alumnos e alumnas dun clima de seguridade no que poidan considerarse capaces de aprender e entender o coñecemento que se lles achega, ben seguro que se sentirán integrados na clase, e non terán necesidade de ocupar o seu tempo en molestar e amolar o compañeiro. En realidade, case todos os problemas de conducta na ESO provócanos rapaces que non entenden nada, que se aburren e non aturan as clases. Na escola débense

traballar contidos de tipo intelectual, pero non se debería obviar a educación emocional e de conducta. Neste sentido a nova materia de Educación para a Cidadanía contribuirá a mellorar a situación. Por outra banda, penso que a escola primaria debería mirar cara á educación infantil, na que os nenos e as nenas falan en asemblea, respectan quendas de palabra e traballan de xeito cooperativo. Nas outras etapas todo é Matemáticas e Lingua, e non digo que non sexan importantes, pero se o que pretendemos é formar cidadáns que sexan quen de enfrentarse á vida, tamén hai que ensinar hábitos e normas.

O director

É certo que as aprendizaxes ligadas á convivencia se consideraron sempre como algo secundario. As intervencións por parte do profesorado limitábanse, e en moitos casos aínda se limitan, a dicírllas aos alumnos frases, como "hai que portarse ben cos demás". E isto sería como dicir na clase de Matemáticas que as ecuacións son moi importantes e que as hai que facer ben, para logo non



ensinar a facelas. Eu creo que para que esta situación mude hai que converter o conflito en recurso educativo e valoralo como un contido de aprendizaxe. O camiño preséntase longo e cheo de dificultades, porque hai que vencer moitas inercias. No mesmo acceso á universidade priman os saberes de tipo intelectual, mesmo naquelas titulacións para as que se exixe capacidade creativa e iniciativa persoal.

Sobre como ven o futuro da convivencia nos centros

A nai

Penso que a partir deste curso vai haber moitas novedades: ponse en marcha o Observatorio da Convivencia, os centros terán que elaborar os seus plans, o que implica facer un estudo da propia situación e adoptar medidas para conseguir un bo clima escolar. Creo que as propias metodoloxías están abocadas ao cambio, porque a realidade social o impón. A introdución das tecnoloxías da

información e a comunicación terán que incorporarse como recurso educativo e a escola e a familia deberán ensinar a dialogar, a debater e a ter iniciativa para manexarse neste mundo tecnolóxico.

O director

Eu, máis que predicir o que ocorrerá no futuro, quero lanzar unha mensaxe: ao profesorado diríalle que, se atenden á diversidade que conforma o grupo-clase, as cousas seguro que melloran; ás familias que, se os centros lles abren as portas, non dubiden en entrar, porque niso vai a calidade da atención que reciban os seus fillos. Á Administración pediríalle que lexisle tendo en conta o que aquí dixemos. Aos alumnos non lles diría nada, porque, xa lles temos dado consellos dabondo e penso que se funcionan ben as familias, os centros e a Administración, aprenderán a responder axeitadamente ante calquera situación.

O especialista

Eu formei parte da comisión que elaborou o Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia e son bastante optimista respecto ao futuro. O traballo feito na comisión puxo de manifesto que a situación de acoso e violencia en Galicia non é alarmante por agora, e que estamos en condicións de emprender actuacións de tipo preventivo. Penso que se dinamizamos os plans anuais e poñemos en marcha os recursos necesarios, poderemos adiantarnos aos problemas e planificar actuacións encamiñadas a mellorar o clima escolar. Son especialmente optimista respecto ao traballo que

desenvolverá o Observatorio de Convivencia dos centros. O feito de estar composto polo equipo directivo, o orientador e os profesores, xa supón un nivel de participación que garante a súa efectividade. Aínda así será necesario que abran as portas a profesionais de fóra do sistema educativo que poden contribuir a facer más efectivos os devanditos plans. Téñense dado pasos de carácter interinstitucional moi importantes para que o persoal orientador teña relación cos Servizos Sociais do concello, co fiscal de Menores, con Saúde Mental e traballar todos en equipo, porque estamos ante un problema moi complexo que só se resolve se se afronta dende a familia, a escola e o contexto social.

A nai

Espero que a escola faga un esforzo para coñecer mellor cada un dos seus alumnos e alumnas. Se o profesor non coñece a situación persoal e as circunstancias que os rodean, é difícil que poida comprender as súas condutas. Digo isto porque, ás veces, cando se nos convoca a unha entrevista temos a impresión de que non nos están a falar dos nosos fillos. Tamén penso que a motivación do profesorado é un elemento fundamental na tarefa docente, e que, canto máis ilusionado estea co seu traballo, mellor poderá facelo e máis facilmente se derrubarán as barreiras familia-escola.

A alumna

Eu agardo que os profesores falen máis connosco e que non recorran tanto as sancións, porque as cousas poden resolverse doutra forma.